



**PROPOSTA DE INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA E DE DÚBIDAS EN RELACIÓN COAS BASES DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Visto o informe dos Xefes dos Servizos de Cooperación e Asistencia aos Concellos e de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo a interpretación e aclaración das dúbidas prantexadas en relación coas bases do Plan único de cooperación cos concellos 2017, que dispón o seguinte:

**“INFORME DOS SERVIZOS DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E DE CONTRATACIÓN E FOMENTO EN RELACIÓN COA INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS RELATIVAS AS BASES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e oito de marzo de dous mil dezasete (28/03/2017), acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos concellos 2017.

**SEGUNDO.-** No BOP nº 74, de data 30 de marzo de 2017, publicáronse as amentadas bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos.

**TERCEIRO.-** As amentadas bases reguladoras establecen un prazo de presentación de solicitudes de UN mes a partir do día seguinte á publicación destas no BOP.

**CUARTO.-** Segundo o disposto na disposición adicional quinta, a interpretación e a resolución de dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Xunta de Goberno desta Deputación.

**QUINTO.-** Diversos Concellos prantexaron dúbidas en canto ao disposto nas bases, tanto de forma telefónica como telemática a través de correos electrónicos, así como na xuntanza convocada pola Presidencia con Alcaldes, Concelleiros e persoal dos concellos, que de acordo co disposto na disposición adicional quinta corresponde á Xunta de Goberno a súa interpretación e resolución.

**SEXTO.-** As dúbidas prantexadas, foron no seguinte sentido; en síntese:

1. *Cal vai se a aportación real da Deputación que vai chegar aos Concellos, sen incluír a aportación municipal?*  
DASE TRASLADO DESTA CUESTIÓN Á PRESIDENCIA, AO FIN DE RESOLVER O QUE SE ESTIME PROCEDENTE.
2. *¿ Poden ser incluídos investimentos cuxo proceso de licitación xa esta en marcha ou xa están adxudicados? ¿ e gastos culturais, deportivos ou de feiras e mercados dende cando e tamén poden executarse no 2018?*  
INVESTIMENTOS NON, A PARTIR DA APROBACIÓN DO PLAN E EN RELACIÓN AO GASTO CORRENTE DERIVADO DOS PROGRAMS CULTURAI, DEPORTIVOS, TURISTICOS OU FEIRAS, MERCADOS OU ANÁLOGOS PODERÁN INCLUÍRSE DE TODO O EXERCICIO NATURAL 2017, E PRIORITARIAMENTE ACTIVIDADES OU ACTUACIÓNS EXECUTADAS NO ANO 2017.
3. *¿Esta previsto que se amplíe o prazo para presentación das solicitudes, xa que non lles da tempo a facer os proxectos?*  
NON, HABERÁ PRAZO DE 10 DÍAS PARA EMENDA DE DEFICIENCIAS, TAL COMO SE PREVEE NA TRAMITACIÓN XERAL DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS (ART. 68 DA LEI/39/2015, DO 1 DE OUTUBRO)
4. *Agora coa solicitude dos proxectos chega incluír copia de ter solicitado as autorizacións sectoriais, ¿se non chegan en prazo ou se son negativas, que pasa coa obra?*  
CABE CONCEDER UNHA PRORROGA OU DESISTIR DESA ACTUACIÓN E INCLUÍR OUTRA COMO COAS BAIXAS, SEGUINDO OS TRÁMITES DE AUTORIZACIÓN ESTABLECIDOS NA BASE 19.



5. *Ao terse especialmente en conta os datos que figuran na enquisa de infraestruturas, ¿pódense incluír obras que non figuren en dita enquisa? –A Base sexta indica: “...Para realizar a selección dos investimentos que se incluírán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local. Recoméndase consultar a “ficha municipal” cos datos do concello que figura na páxina web desta Deputación e na páxina idealugo.es, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e demais datos. Os datos de cada concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente Memoria”*

*SI, PRIORITARIAMENTE ACTUACIÓNS QUE FIGURERN COMO DÉFICIT NA ENQUISA PERO TAMÉN SE PODEN INCLUIR OUTRAS COA CORRESPONDENTE XUSTIFICACIÓN.*

6. *¿Pode incluírse actividades; deportivas e/ou culturais nas que o concello non sexa o organizador, senón colaborador e que axudaría con algún gastos, sempre a nome do concello a factura, como por exemplo o aluguer dunha carpa para actividade deportiva organizada por club deportivo?*

*SI, SEMPRE QUE A FACTURA SEXA EMITIDA A NOME DO CONCELLO E MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE. EN TODO CASO AO CRITERIO DO CONCELLO E QUE NON HAXA FISCALIZACIÓN DE DISCONFORMIDADE, NON PODENDO SER SUBVENCIÓN.*

7. *¿Pode incluírse a elaboración dunha relación de postos de traballos (RPT) con cargo ao Plan único?*

*NON, XA QUE OS GASTOS CORRENTES ESTÁN LIMITADOS NA BASE 3, APARTADO C1 ÚLTIMO INCISO: “Con cargo ao Plan Único non se poderá financiar gasto correntes agás os destinados aos programas SAF, Depuemprego, actividades culturais e deportivas e a celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e análogos, nos termos establecidos nestas bases”, E TENDO EN CONTA O RÉXIME EXCEPCIONAL PREVISTO NA BASE 3 APARTADOS C.4 E C.5.*

8. *¿Pode incluírse importes destinados a dinamizar centros veciñais, se o ano 2016 houbo convenio para tal da área de benestar?*

*NON, XA QUE OS GASTOS CORRENTES ESTÁN LIMITADOS NA BASE 3, APARTADO C1 ÚLTIMO INCISO: “Con cargo ao Plan Único non se poderá financiar gasto correntes agás os destinados aos programas SAF, Depuemprego, actividades culturais e deportivas e a celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e análogos, nos termos establecidos nestas bases” E TENDO EN CONTA O RÉXIME EXCEPCIONAL PREVISTO NA BASE 3 APARTADOS C.4 E C.5.*

9. *¿Poden incluírse gastos dos conservatorios?*

*NON, XA QUE OS GASTOS CORRENTES ESTÁN LIMITADOS NA BASE 3, APARTADO C1 ÚLTIMO INCISO: “Con cargo ao Plan Único non se poderá financiar gasto correntes agás os destinados aos programas SAF, Depuemprego, actividades culturais e deportivas e a celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e análogos, nos termos establecidos nestas bases” E TENDO EN CONTA O RÉXIME EXCEPCIONAL PREVISTO NA BASE 3 APARTADOS C.4 E C.5; ADEMAIS NA RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO 2017 (PODE CONSULTARSE NA PÁXINA WEB DA DEPUTACIÓN) ESTABLÉCESE UNHA APORTACIÓN DE 15.000,00€ PARA CADA UN DOS CONSERVATORIOS; VILALBA, MONFORTE E VIVEIRO.*

10. *Poden incluírse nun mesmo proxecto distintas actuacións, cando estas non superen o MÍNIMO establecido de 10.000,00€ de forma individual?*

*SI, ENTENDERASE COMO ASUMIBLE AQUELES PROXECTOS DE OBRAS QUE GARDEN COHERENCIA E DEBEN REFERIRSE A OBRAS COMPLETAS, NO SENTIDO DE SER SUSCEPTIBLES DE SER ENTREGADAS AO USO XERAL*



*OU AO SERVIZO CORRESPONDENTE. DEBEN RESPECTAR A LEXISLACIÓN CONTRACTUAL E XUSTIFICAR QUE RESPONDEN AO CONCEPTO DE UNIDADE OPERATIVA FUNCIONAL, NON SENSO DE CONSTITUÍR PRESTACIÓNS DA MESMA NATUREZA, QUE CONFORMEN UNHA MELLOR XESTIÓN DOS RECURSOS E UNHA MAIS ADECUACIÓN AS NECESIDADES EXISTENTES. NON PODEN SER GASTOS CORRENTES, PODENDO SER INVERSIÓNS DE REPOSICIÓN, (TAL COMO "ACONDICIONAMENTO E MELLORA" DE ACCESOS A...)*

11. *¿Cabe por exemplo afrontar nun único proxecto a mellora de rede municipal viaria no conxunto dunha parroquia ou varias conlindantes, con accesos a distintos núcleos?  
SI, TENDO EN CONTA O AMENTADO NO APARTADO ANTERIOR, E SEMPRE QUE A ACTUACIÓN SEXA INVESTIMENTO E NON GASTO CORRENTE, PODENDO SER INVERSIÓNS DE REPOSICIÓN, (TAL COMO "ACONDICIONAMENTO E MELLORA" DE ACCESOS A...).*
  
12. *Que pasa se non da tempo a ter os proxectos terminados antes do prazo de finalización de presentación de solicitudes?  
XA SE INDICA NAS BASES QUE PODERÁ SER MEMORIA CON INCLUSIÓN DE ORZAMENTO E POSTERIORMENTE ACHEGAR O PROXECTO. DARASE PRAZO PARA EMENDAR DEFICIENCIAS UNHA VEZ ANALIZADA A PROPOSTA POLA DEPUTACIÓN.*
  
13. *Pode adicarse as baixas nas obras a reducir as aportacións municipais?  
A BASE 12 DICE: "As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello nos termos que se indican:  
Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida e tramitada a proposta municipal, no prazo máximo de un mes a contar desde a data en que o expediente tramitado ao efecto se atope completo; de non notificarse, no prazo de dous meses desde o seu completo, acordo en sentido contrario por parte da Deputación Provincial, entenderase autorizado o investimneto proposto polo Concello con cargo ás baixas obtidas da licitación". SEGUINDO OS MESMOS TRÁMITES CABERÁ QUE AS BAIXAS OBTIDAS NAS LICITACIÓNS SE ADIQUEN A REDUCIR, DE EXISTIR, O FINANCIAMENTO VOLUNTARIO DE CADA CONCELLO. NON SE PODERÁ APLICAR EN NINGÚN CASO Á APORTACIÓN OBRIGATORIA.*
  
14. *Poden executarse obras por administración?  
SI, DE ACORDO COA BASE 18 E TENDO EN CONTA O ESTABLECIDO NAS DISPOSICIÓNS VIXENTES.*
  
15. *¿Pode incluírse o gasto da elaboración de proxectos?  
SI, DE ACORDO COA BASE 3 APARTADO C.1 "Os custes de redacción de proxectos, prescricións técnicas e outros estudos ou documentos técnicos necesarios para executar os investimentos ao igual que os gastos derivados da dirección en cada caso requerida para a súa execución, poden ser financiados con cargo aos fondos deste plan".*
  
16. *Pode imputarse gastos de persoal que preste servizos en SAF con cargo a contratos de Depuemprego?  
NON, SE SE CONTRATARA PERSOAL, PARA PRESTAR SERVIZOS DE SAF, CON CARGO A DEPUEMPREGO, ESTE GASTO DE PERSOAL NON PODERÁ IMPUTARSE A SAF, OU DE IMPUTARSE A SAF, NON PODERÁ XUSTIFICARSE EN DEPUEMPREGO.*
  
17. *Aos efectos da xustificación, na relación clasificada de gastos, ¿é necesario desglosar a parte que se imputa a salarios e seguridade social?,*



PARA IMPUTAR OS GASTOS DE NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL NA XUSTIFICACIÓN DE CADA UN DOS PROGRAMAS, DESAGREGARANSE OS GASTOS RECOLLIDOS NAS NÓMINAS NOS SEGUINTE CONCEPTOS NA RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS:

- o LÍQUIDO A PERCIBIR POLO TRABALLADOR/A (NOME, APELIDOS E NIF DO TRABALLOR/A) CORRESPONDENTE AO MES DE\_\_\_\_\_.
- o IRPF DEDUCIDO AO TRABALLADOR/A (NOME, APELIDOS E NIF DO TRABALLOR/A) CORRESPONDENTE AO MES DE\_\_\_\_\_.
- o ACHEGA Á SEGURIDADE SOCIAL DO/A TRABALLADOR/A MAIS A ACHEGA DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO MES DE\_\_\_\_\_.

CANDO UN GASTO CORRESPONDA A PRESTACIÓN DUN SERVIZO POR PARTE DUN PROFESIONAL QUE O CONCELLO PROCEDA A RETENCIÓN DO IRPF, DEBERASE DIFERENCIAR NA RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS O GASTO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO E O IRPF QUE SE LLE RETIVO, XA QUE ENTENDERANSE COMO DOUS CONCEPTOS DIFERENCIADOS.

18. *Imaxinemos que un concello tivo un convenio en 2016 para unha actuación cultural "A" por importe de 20.000€. Pode manter en 2017 a actuación A" por 20.000€ e facer unha nova actuación "B" por 8.000€?*

*NON, TENDO EN CONTA A BASE 3 APARTADO C.4 que di "Con carácter xeral establécese un teito de gasto en actividades culturais e deportivas que os concellos poderán destinar con cargo ao Plan único 2017 da Deputación de Lugo de acordó ao seguinte:*

*Con cargo aos fondos do Plan Único 2017 os concellos poderán destinar a actividades culturais (escolas de música, teatro e outras) até un máximo de 8.000 euros.*

*Con cargo aos fondos do Plan Único 2017 os concellos poderán destinar a actividades deportivas até un máximo de 8.000 euros.*

*Excepcionalmente, aqueles concellos que no exercicio 2016 teñan contado con un convenio de colaboración específico para alguna actividade de este tipo (culturais e/ou deportivas), o teito de gasto destinado a tal fin, con cargo aos fondos do Plan único 2017 será o mesmo que o do importe da axuda concedida no exercicio 2016, sempre e cando a actividade sexa a mesma"*

19. *¿Que se entende por gastos directos e indirectos no SAF;*  
*ENTENDERANSE COMO GASTOS INDIRECTOS NO SAF AQUELES CUSTES INDIRECTOS DERIVADOS DA REALIZACIÓN DA PROPIA EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE (LUZ, AUGA, LIMPEZA DE LOCAIS, PAPELERÍA, ETC.) NA PROPORCIÓN QUE CADA CONCEPTO RAZOADAMENTE CORRESPONDA Á PROPIA ACTIVIDADE, CUN LÍMITE DO 10% DO TOTAL DO IMPORTE DO FINANCIAMENTO CONCEDIDO.*

20. *Lémbrese que as solicitudes se poden presentar de xeito telemático e tamén en formato papel, e o prazo remata o día 2 de maio de 2017, ao coincidir o día hábil seguinte ao 30 de abril, data que remataría o prazo.*

21. *Non poderá compensarse ou redistribuírse importes non gastados nos distintos programas para outros programas, a excepción das baixas en investimentos que deberán ser invertidas en obras da mesma natureza, e con cargo á mesma aplicación orzamentaria.*

*E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito".*

**Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se aprobe a seguinte instrucción en relación coa interpretación e aclaración de dúbidas prantexadas telemáticamente, por**



**teléfono e na xuntanza mantida no día 19 de abril de 2017 cos Alcaldes, Concelleiros e persoal dos Concellos, referidas ás bases do Plan Único de cooperación cos concellos 2017:**

1. A achega da Deputación, ao plan único sera a que figura na base primeira e no anexo VII das bases publicadas no BOP do 30-3-2017 como total deputación (20.000.000,00€), ao que deberá engadirse a aportación municipal obrigatoria en contía igual á obrigatoria para o POS do ano 2016, da que adxunta anexo resume a esta instrucción, coa distribución das contías para maior aclaración. A Deputación achega dos seus orzamentos 20.000.000,00€ para adicar a este Plan único, previa aprobación dos trámites orzamentarios que sexan procedentes.
2. Soamente poderán ser incluídos no plan único investimentos cuxo procedemento de licitación se inicie despois da aprobación do plan. Se ben o gasto corrente relativo ao programa de cultura, deportes, turismo, feiras e mercados e análogos podera corresponderse con todo o exercicio natural de 2017, e prioritariamente actividades e/ou actuacións do ano 2017.
3. Non está previsto a ampliación de prazo de solicitude, pero sí haberá un prazo de 10 días para emenda de deficiencias, tal como se prevee na tramitación xeral dos procedementos administrativos (art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).
4. Se non fora posible obter as autorizacións sectoriais en prazo ou se foran negativas, poderá concederse unha prórroga ou desistir desa actuación e incluír outra, seguindo os trámites de autorizacións establecidos na base 19.
5. Poderán incluírse na solicitude actuacións que non figuren como déficit na enquisa de infraestruturas e equipamentos locais, pero se ben priorízanse as que figuren como déficit.
6. Poderán incluírse actividades que non organice o concello, pero que a factura sexa emitida a nome do concello e se axunte memoria xustificativa da actividade, sempre que non haxa fiscalización desfavorable pola intervención do concello e non constitúa subvención.
7. Non poderán ser incluídos con cargo ao Plan único gastos correntes (por exemplo a elaboración dunha RPT), agás os destinados aos programas SAF, Depuemprego, actividades culturais e deportivas e a celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e análogos, nos termos establecidos nestas bases.
8. Non poderán incluírse, con cargo ao plan único, gastos dos conservatorios, ao establecerse unha aportación a través de subvención nominativa, xa previstas no orzamento vixente.
9. Entenderase como asumible con cargo ao plan único aqueles proxectos de obras que garden coherencia no conxunto de actuacións previstas e deben referirse a obras completas, no sentido de ser susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente. Deben respectar a lexislación contractual e xustificar que responden ao concepto de unidade operativa funcional, non senso de constituír prestacións da mesma natureza, que conformen unha mellor xestión dos recursos e unha mais adecuada resposta as necesidades existentes. Non poden ser gastos correntes, podendo ser investimentos de reposición.
10. Poderá incluírse nun único proxecto mellora de rede viaria municipal referenta a unha parroquia ou parroquias limítrofes, sempre que a actuación sexa investimento e non gasto corrente. Caben as inversións de reposición (tal como Acondicionamento e mellora de accesos a núcleos de poboación)



11. Xunto coa solicitude poderá incluírse memoria da actuación, con inclusión de orzamento, e logo achegar o proxecto.
12. As baixas producidas na licitación poderán adicarse, seguindo os trámites establecidos na base 12, a reducir, de existir, o financiamento voluntario de cada concello. Non poderá aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria.
13. As obras poderán exutarse pola propia administración, de acordo coa base 18, sempre tendo en conta o disposto na lexislación vixente.
14. Poderá incluírse no plan único o gasto de elaboración de proxectos e dirección de obra de acordo co disposto na base 3 apartado c.1.
15. No caso de contratar persoal, para prestar servizos de SAF, con cargo a depuemprego, este gasto de persoal non poderá imputarse a SAF, ou de imputarse a SAF, non poderá xustificarse en depuemprego.
16. A efectos de xustificación, na relación clasificada de gastos, para imputar os gastos de nóminas e seguridade social na xustificación de cada un dos programas, desagregaranse os gastos recollidos nas nóminas nos seguintes conceptos na relación clasificada de gastos:
  - Líquido a percibir polo traballador/a (nome, apelidos e nif do traballor/a) correspondente ao mes de \_\_\_\_\_.
  - Irpf deducido ao traballador/a (nome, apelidos e nif do traballor/a) correspondente ao mes de \_\_\_\_\_.
  - Achega á seguridade social do/a traballador/a mais a achega do concello correspondente ao mes de \_\_\_\_\_.Cando un gasto corresponda a prestación dun servizo por parte dun profesional que o concello proceda a retención do irpf, deberase diferenciar na relación clasificada de gastos o gasto pola prestación do servizo e o irpf que se lle retivo, xa que entenderanse como dous conceptos diferenciados.
17. O teito de gasto para actividades culturais, deportivas, feiras, mercados ou análogos é o que figura na base 3 apartado C.4, coas salvedades recollidas nas mesmas bases.
18. Entendese como gastos indirectos no SAF aqueles custes indirectos derivados da realización da propia execución da actividade (luz, auga, limpeza de locais, papelería, etc.) Na proporción que cada concepto razoadamente corresponda á propia actividade, cun límite do 10% do total do importe do financiamento concedido.
19. Lémbrese que as solicitudes se poden presentar de xeito telemática e tamén en formato papel, e o prazo remata o día 2 de maio de 2017, ao coincidir o día hábil seguinte ao 30 de abril, data que remataría o prazo.
20. Non poderá compensarse ou redistribuírse importes non gastados nos distintos programas para outros programas, a excepción das baixas en investimentos que deberán ser invertidas en obras da mesma natureza e con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 21 ABR. 2017  
CELEBRASE:  
"O PLENO ORDENARIO"  
ED. Decreto n.º 40 de data 24-02-2017  
O DEPUTADO PROVINCIAL

APROBADO:  
O SECRETARIO

Lugo, 21 de abril de 2017.  
O Presidente

Darío Campos Conde